

**POEMAS PREMIADOS NO II CERTAME DE POESÍA BEATRIZ DA SERRA**

MODALIDADE A:

- 1º Premio: Adriana Gómez Rodríguez, alumna do CEIP Carlos Casares de Vilariño (Nigrán), polo seu poema “Os paxaros”.

**- OS PAXAROS -**

**Cantan os paxaros,  
están no meu xardín.  
Cantan moi riquiño  
e veñen cara a min.**

**Cantan sempre xuntos  
e nunca calarán,  
cantan preto miña  
e nunca escaparán.**



- 2º Premio: Laura Burgo Rosendo, alumna do CEIP Carlos Casares de Vilariño (Nigrán), polo seu poema “O mar”.


### **O mar**

O mar está durmindo,  
xa non quere espertar,  
de tanto lixo ver no mar,

vaise desmaiar.



Non pode seguir así,  
hai que facer algo xa!



Menos envases de plástico  
- hai que emplegar.

MODALIDADE B:

- 1º Premio: Isis Acea Portabales do IES Escolas Proval de Nigrán polo seu poema “Ausencias”

## AUSENCIAS

*Sinto morriña  
do cheiro a orballo,  
chíos dos paxaros,  
dos amores pasados e dos que serían,  
bicos e abrazos afogados,  
de todo o que podería ter aprendido  
Sinto morriña  
da vida que deixei e da que non chegou a ser*



- 2º Premio: Lucía Martínez Otero do IES Terra de Turonio de Gondomar polo seu poema “Inspiración”

## **Inspiración**

Clico un botón no teclado,  
corren as letras de lado a lado.

Inspiración, onde estás?  
Por que non dás chegado?

Ideas que van e veñen,  
imaxes que pasan e non se deteñen.  
Lío confuso na cabeza.  
Pecho os ollos...paciencia!

### MODALIDADE C:

- 1º Premio: Sara Chamadoira Jordán do IES Terra de Turonio de Gondomar polo seu poema “Fuxe das sombras”.

Fuxe das sombras na néboa,  
aférrate á man do vento,  
sinte ás nas túas costas,  
voa.

Dende o Courel ata o Eume  
dende a serra ata o cabo,  
coa mente e a alma,  
vive.



- 2º Premio: Jimena Costas Misa do IES Terra de Turonio de Gondomar polo seu poema “Música das follas”



Música das follas ,  
baile da fonte,  
fuxe a tardiña,  
eu no horizonte.  
  
Lévase o vento  
os meus amores,  
eses que cantaba,  
volvéronse dores.

Por unanimidade, o xurado acorda facer unha mención especial para deixar constancia da calidade do poema “19.5.2003”, de Paula Álvarez do IES Terra de Turonio de Gondomar. Será publicado xunto cos outros poemas premiados.

**19.05.2013**

e non agardou por min  
e ficou xunto as estrelas  
estrelas que pousan  
na flor  
da miña man.

